



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO BASES ESCOLAS DEPORTIVAS 23/24

Por Resolución da Alcaldía número 773/2023 de 16 de agosto aprobáronse as bases que rexerán as escolas deportivas municipais durante o curso 2023/224 e que se transcriben a continuación:

BASES QUE REXERÁN AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE O CURSO 2023/24

1. Modalidades, lugares e idades

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Bádminton	2016 ata o 2007
Baloncesto	2017 ata o 2007
Fútbol sala	2017 ata o 2007
Patinaxe	2019 ata o 2007
Ximnasia mantemento/bodytónico	2007 e anos anteriores

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Actividades predeportivas	2019 e 2018
Baloncesto	2017 ata 2007
Fútbol sala	2017 ata 2007
Patinaxe	2019 ata 2007
Ximnasia de mantemento	2007 e anteriores
Iniciación ao xadrez	2017 ata 2007

C. Louro

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2007 e anteriores



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

2. Prazos do procedemento

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 21 de agosto ata as 14.00 h do 6 de setembro
Publicación dos horarios	12 de setembro
Matrícula	Do 13 ao 22 de setembro
Inicio das actividades	2 de outubro
Prazas vacantes	Do 9 ao 13 de outubro

3. Horarios

Cada escola deportiva será dunha sesión semanal.

Os horarios faranse públicos o 12 de setembro. Estarán expostos nos taboleiros dos pavillóns, no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, na páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal e na sede electrónica municipal, sede.muros.gal

Para a consulta telefónica dos horarios habílanse os seguintes teléfonos:

- 682 212 336 (pavillón de Miraflores)
- 981 762 294 (Centro Cultural e Xuvenil de Muros)

4. Prazas

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

O número de prazas para cada modalidade e lugar establécese da seguinte maneira:

MODALIDADE	PRAZAS
Bádminton	Sen límite
Baloncesto	Sen límite
Fútbol sala	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia mantemento/bodytónico	Sen límite



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	PRAZAS
Actividades predeportivas	Sen límite
Baloncesto	Sen límite
Fútbol sala	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia de mantemento	Sen límite
Iniciación ao xadrez	Sen límite

C. Louro

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	20

A adxudicación das prazas pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.

Será necesario un número mínimo de 6 persoas para a constitución de cada escola deportiva.

6. Preinscrición: Do 21 de agosto ata as 14.00 h do 6 de setembro

É persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas da Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros ou cubrindo o seguinte formulario, do 21 de agosto ata as 14.00 h do 6 de setembro:

Formulario de inscrición: <https://forms.gle/NZFdUBvEDkWRr4Fw8>



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

7. Matrícula: Do 13 ao 22 de setembro

É persoal e intransferible. Deberase facer unha vez comprobada: a adxudicación da praza, os horarios das escolas e do/s grupo/s no que a persoa interesada solicitou a preinscrición.

Para formalizar a matrícula o alumnado deberá presentar o Anexo I cuberto e aboar a cota de participación no número de conta establecido por parte do Concello de Muros.

O período de matrícula establécese do 13 ao 22 de setembro (ambos incluídos).

8. Cota

A cota de participación será de 25,00 € anuais e deberase aboar no período de matrícula.

9. Inicio das actividades: 2 de outubro

As actividades constituídas darán comezo a partir do 2 de outubro (luns) en función do día que lle corresponda a cada actividade.

10. Prazas vacantes: do 9 ao 13 de outubro

A Concellaría de Deportes publicará na web municipal, www.muros.gal, a lista de prazas que puideran quedar libres en cada modalidade e lugar despois de resolver esta convocatoria. No caso de que existiran prazas vacantes abrirase un período do 10 ao 17 de outubro.

11. Datás

As escolas deportivas impartiranse dende o mes de outubro ata o mes de maio do ano 2024 (do 02/10/2023 ata o 31/05/2024).



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

12. Requisitos

A. Para poder asistir ás escolas deportivas é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

B. O pai, a nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

13. Control de asistencia

No caso de que se chegue ao **50% de faltas de asistencia nas escolas que houbera reserva, o alumnado podería causar baixa na actividade**, sen dereito á devolución da cota.

14. Outros

Se houbera a suficiente demanda para constituír outra escola deportiva que non se recolle nestas bases, estudarase a posibilidade de poder incluíla.

Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa

María Lago Lestón

ANEXO I - AUTORIZACION



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2023/24

D/Da. _____
con DNI _____, veciño/a de _____ e teléfono _____ como pai/nai,
titor/a de: _____

AUTORIZO

Ao/á meu/miña fillo/a a participar escola deportiva municipal (EDM) de _____, en
_____ organizada polo Concello de Muros.

AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DAS IMAXES E DOS TRABALLOS REALIZADOS

Como pai, nai, titor/a da persoa solicitante, autorizo ao Concello de Muros ao uso das imaxes tomadas durante a realización desta actividade, así como, que os seus traballos audiovisuais sexan difundidos publicamente con fins informativos e pedagóxicos.

- Si
 Non

Asinado

Muros, ___ de _____ de 2023



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANEXO II – MODELO SOLICITUDE



PROCEDEMENTO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2023/2024	DOCUMENTO SOLICITUDE		
DATOS DA/O PERSOA PARTICIPANTE			
NOME []	PRIMEIRO APELIDO []	SEGUNDO APELIDO []	
DN/INIE/PASAPORTE []	DATA DE NACEMENTO []	TELÉFONO DE CONTACTO []	CORREO-E []
ENDEREZO []	PARROQUIA []		
EMPADROADA/O NO CONCELLO DE MUROS <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			
NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME []	PRIMEIRO APELIDO []	SEGUNDO APELIDO []	
DN/INIE/PASAPORTE []	EN CALIDADE DE NAI/PAI/TITORA []		
ESCOLAS DEPORTIVAS NAS QUE DESEXA PREINSCRIBIRSE			
ESTEIRO (pavillón Xosé Lago)			
ESCOLA DEPORTIVA 1 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 2 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 3 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 4 (Actividade - Idade de participación) []			
MUROS (pavillón Miraflores)			
ESCOLA DEPORTIVA 1 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 2 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 3 (Actividade - Idade de participación) []			
ESCOLA DEPORTIVA 4 (Actividade - Idade de participación) []			
LOURO			
ESCOLA DEPORTIVA 1 (Actividade - Idade de participación) []			
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Muros, _____			